

# SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DIA VINTESETE DE XUÑO DE DOUS MIL CINCO (27.06.2005)

## PLENO NUMERO 06/2005

**N**o Salón de sesións do Ilmo. Concello de Bóveda, cando son as doce horas do día vinteseite de xuño de dous mil cinco, reúnese en sesión ordinaria e en primeira convocatoria o Concello Pleno baixo a Presidencia do Alcalde:

1.- D. JOSÉ MANUEL ARIAS LÓPEZ

Concorren a sesión os seguintes Concelleiros:

- 2.- D. JUAN RODRÍGUEZ PAREJAS,
- 3.- D. SANTIAGO LÓPEZ VÁZQUEZ
- 4.- DNA. PILAR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
- 5.- D. JOSÉ LUIS RIVERA SACO
- 6.- D. LUIS FERNÁNDEZ OJEA
- 7.- ANA RUTH JUÍZ LUGO
- 8.- D. XOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ CASTRO
- 9.- D. ROSENDO LÓPEZ SALGUEIRO

Como Secretario D. Luis Eduardo Matias Sánchez que da fe.

## **II.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRA DE DNA. ANA RUHT JUÍZ LUGO**

Seguidamente, procédese a comprobación da credencial presentada, acreditada a persoalidade da electa pola certificación que a Xunta Central enviou a éste Concello, e habendo Dna Ana Ruth Juárez Lugo presentado previamente a declaración de bens e actividades ós efectos da súa inscrición no Rexistro de Intereses, o Sr. Alcalde-Presidente invita á concelleira a que expoña neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade a súa proclamación, despois desto e resultando que manifesta non estar incurso en causa de incompatibilidade, se procede, como paso previo a toma de posesión do cargo de concelleira, e consonte determina o artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, a prestar promesa ou xuramento a Sra. concelleira. A tal fin o Secretario procede a dar lectura a formula recollida no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril: "Xurais ou prometedes pola vosa concencia e honra cumprir fielmente as obrigas dos cargo de concelleiro con lealtade o Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado", Prometendo Dna Ana Ruth Juárez Lugo.

O Sr. Alcalde felicita e dalle a benvida á concelleira incorporada á Corporación.

## **III.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO ECONÓMICO DO EXERCICIO DE 2004**

Cumprindo o ordenado polo Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación no Decreto nº 046-2005, de data vintedous de febreiro do ano dous mil cinco e de acordo co preceptuado no artigo 116 da Lei 7/85, do 2 de abril e artigo 212 da Lei Reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, do 5 de marzo), é posta de manifesto a Conta Xeral do Presuposto desta Entidade correspondente ó exercicio económico de dous mil catro, con tódolos documentos que a xustifican a que se refire a Regra 224 e seguintes da Orde do 17 de xullo de 1.990 do Ministerio de Economía e Facenda (BOE-176, do 24.07.90).

Unha vez confrontada a mencionada Conta Xeral do Presuposto refundido, coa Liquidación aprobada, cos acordos de modificación do Presuposto de Gastos, cos Mandamentos de Pago e Ingreso expedidos durante o exercicio, e coa acta de arqueo a trinta e un de decembro e co dictámen favorable da Comisión Especial de Contas.

Despois de facer constar que se cumpriron os trámites de exposición ó público, os informes regulamentarios e demais requisitos que esixe a Lei, o pleno ACORDA:

1º.- Aprobala Conta Xeral do Presuposto desta Entidade correspondente o exercicio económico de dous mil catro, sendo o resume da mesma o seguinte:

CONCEPTO	Euros
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS(EXERCICIO CORRENTE) . . . . .	878.030,25
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS(EXERCICIO CORRENTE) . . . . .	889.254,20
OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO(EXERC.CORRENTE) . . . . .	160.374,10
DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRAR (EXERC.CORRENTE)	85.932,60
OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO(EXERC.PECHADOS) . . . . .	269.616,67
DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRAR (EXERC.PECHADOS)	227.145,77
PENDENTES DE COBRAR OPERAC.NON PRESUPOSTARIAS . . . . .	1.986,86
PENDENTES DE PAGAR OPERAC.NON PRESUPOSTARIAS . . . . .	134.407,64
REMANENTES DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS . . . . .	95.489,65
FONDOS LIQUIDOS DE TESOURERIA A 31.12.2004 . . . . .	344.822,83

#### IV.- APROBACIÓN INICIAL, SI PROCEDE DO ORZAMENTO XERAL DA CORPORACIÓN PARA O EXERCÍCIO ECONÓMICO DE 2005

Dando cumprimento ó preceptuado no artigo 126 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, examinado o orzamento municipal formado polo Sr. Alcalde-Presidente para o exercicio de 2.005 que ascende, tanto en GASTOS como en INGRESOS a NOVECIENTOS VINTEUN MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS (921.285,00 €) , e habéndose estudiado obsérvase o seguinte:

1º.- Que as consignacións do Estado de Gastos son as necesarias para cumpri-las obrigas esixibles ó Concello e para desenvolve-la xestión que este Organismo Local ten encomendada.

2º.- Que no Estado de Ingresos apélase ós tributos autorizados pola Lei, en contía dabondo para cubri-las obrigas e necesidades da Corporación, e estimandoos, por outra banda, acordos coas posibilidades dos contribuintes.

3º.- Que as Bases de Execución para o mellor desenvolvemento do Orzamento, considéranse como as mais prudentes e apropiadas para a efectividade do mesmo.

4º.- Que na documentación obrante no expediente figura a plantilla de personal ó servizo do Concello, comprensiva de tódolos postos de traballo reservado a funcionarios, personal laboral, e eventual.

5º.- Que o referido Orzamento non contén déficit inicial, por atoparse nivelados os Ingresos cos Gastos.

Tendo en conta que o citado Orzamento axústase ós preceptos legais sobre a materia, contidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e demais disposicións concordantes. Considerando procedente que o Pleno aprobe o Orzamento Municipal de 2.005 , Plano de Investimentos, así como a plantilla de personal comprensiva dos postos de traballo reservados a funcionarios de carreira co seu nivel de complemento de destino, retribucións complementarias de Personal, Personal laboral e eventual, na forma en que foi redactado, o Pleno da Corporación ACORDA:

1º.- Aprobar inicialmente o Presuposto desta Entidade para o exercicio de dous mil cinco quedando fixada a súa cuantía, tanto en GASTOS como en INGRESOS, nun total de NOVECIENTOS VINTEUN MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS (921.285,00 €), asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

## ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACION	IMPORTE EUROS
	<b>A) Operacións correntes</b>	
I	Remuneracións de persoal .....	320.177,12
II	Compra de bens correntes e servicios .....	347.760,90
III	Gastos financeiros .....	10.162,10
IV	Transferencias correntes .....	4.229,22
	<b>B) Operacións de capital</b>	
VI	Inversións reais .....	183.910,10
VII	Transferencias de capital .....	8,40
IX	Variación de pasivos financeiros .....	55.037,16
<b>TOTAL ORZAMENTO .....</b>		<b>921.285,00</b>

## ESTADO DE INGRESOS

CAPITULO	DENOMINACION	IMPORTE EUROS
	<b>A) Operacións correntes</b>	
I	Impostos directos .....	161.401,20
II	Impostos indirectos .....	6.364,20
III	Taxas e outros ingresos .....	143.598,42
IV	Transferencias correntes .....	427.465,47
V	Ingresos patrimoniais .....	8.270,80
	<b>B) Operacións de capital</b>	
VI	Enaxenación de inversións reais .....	1.258,60
VII	Transferencias de capital .....	108.172,91
VIII	Variación de activos financeiros .....	7,80
IX	Variación de pasivos financeiros .....	64.745,60
<b>TOTAL ORZAMENTO .....</b>		<b>921.285,00</b>

2º.- Aprobar igualmente as BASES DE EXECUCION de dito Orzamento Municipal xuntamente ca Plantilla de Persoal e a relación de postos de traballo que figuran no anexo I, retribucións complementarias de Personal e Plano de Inxerimentos que figura no Anexo II.

3º.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, á efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do citado Real Decreto 2/2004.

4º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xuntamente coa plantilla de persoal e a relación de postos de traballo, según dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986 do 18 de abril, e 169.3 do repetido Real Decreto; e noutro caso procederáse dacordo co prevenido no número 1 deste último artigo.

5º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido Presuposto a Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

## V.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO REGULAMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

PRIMEIRO.- En cumprimento do disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, acordase provisoriamente aproba-lo Regulamento de concesión de subvencións nos termos que se establecen no texto anexo.

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 49 a que se refire o punto anterior, o presente Acordo provisorio, exporáse ó público no taboleiro de anuncios deste municipio durante o prazo de trinta días, contados a partir do día da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da provincia de Lugo, a fin de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.-No suposto de que non se presenten reclamacións, entenderáse definitivamente

adoptado o acordo de modificación da presente Ordenanza, sen necesidade de acordo plenario.

### **Exposición de motivos:**

Entre as competencias que a lexislación en materia de Administración local confire ós concellos, figura a actividade de fomento. Actividade que procura apoiar financeiramente as demandas sociais e económicas de personas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas que realicen actividades ou presten de servizos que complementen ou suplan os atribuídos ó concello.

Como tal actividade financeira pública, necesita da transparencia como alicerce para a eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional, así como o establecemento dunha regulamentación do procedemento de concesión con criterios obxectivos e a fixación dos obxectivos e efectos que se pretenden conseguir.

Para conseguir ditos obxectivos compre regulamentar esta actividade financeira fixando os criterios, procedemento e réxime xurídico ó que debe axustarse a concesión e xustificación de subvencións considerados de interese xeral, cinguido ó disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, mediante a aprobación do presente Regulamento de concesión de subvencións.

**Artigo 1.- Obxecto.-** E obxecto da presente ordenanza, con carácter xeral, estruturar e fixar os criterios, procedemento e réxime ao que debe axustarse a concesión e xustificación de subvencións a entidades, organismos, colectivos cidadáns sen ánimo de lucro e particulares para a realización de programas que fomenten a cooperación entre o sector público e as asociacións, a participación dos cidadáns na actuación municipal así como a realización ou prestación de servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

Considerarase subvención calquera auxilio directo ou indirecto, valorable economicamente, que outorgue o Concello e, entre eles, as becas, primas, premios e demais gastos de axuda persoal.

As subvencións a que se refiren as presentes normas outorgaranse de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, garantindo a transparencia nas actuacións administrativas. A tales efectos, o órgano competente para conceder subvencións establecerá, de non existir, e de forma previa á disposición dos créditos, as oportunas bases reguladoras da concesión.

As presentes normas axustanse á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións e á normativa estatal de réxime local, contida fundamentalmente na Lei 7/1985, reguladora das Bases de Régimen Local, Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizo das Corporacións Locais. Asemade, axustaranse á normativa autonómica que resulte de aplicación en cada caso e ás Bases de execución do Presuposto Municipal.

**Artigo 2.- Previsión presupostaria.-** As subvencións concedidas conforme ao disposto na presente ordenanza, outorgaranse con cargo ás partidas que, a este efecto, se fixen con carácter anual nos presupostos municipais.

### **Artigo 3.- Criterios xerais.**

a. As subvencións terán carácter voluntario e eventual e a súa concesión non implica obrigabilidade por parte do Concello e non crea dereito nin establece precedente algún para futuras concesións.

b. A Corporación poderá revoca-las ou reduci-las en calquera momento, agás cláusula en contrario.

c. Non será esixible aumento ou revisión da subvención.

d. Non se concederán subvencións para finalidades que o Concello poida cumprir por si mesmo con igual eficacia e sen maior gasto que o representado pola propia subvención.

e. As subvencións outorgaranse con arreglo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, igualdade; eficacia no cumprimento dos obxetivos fixados pola Administración outorgante; eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

**Artigo 4.- Peticionarios.-** Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente ordenanza,

calquera persona física ou xurídica que cumpra os seguintes requisitos:

1.- Entidades:

- Que a sede social se atope en Bóveda, desenvolvéndose, prioritariamente, o exercicio da actividade neste Concello e estea inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións ou de Veciños. Excepcionalmente eximirase de cumprir o dito requisito ás asociacións ou entidades que a xuízo do órgano competente desenvolvan labores de recoñecido e marcado carácter educativo, deportivo, cultural ou benéfico, e as Comisións de Festas xuridicamente constituídas así como aquelas nas que concorran os presupostos establecidos no artigo 11.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

- Que se atopen constituídas sen ánimo de lucro.

- Que acrediten documentalmente encontrarse ó corrente das obrigas fiscais e de Seguridade Social, á data da solicitude da subvención.

- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo concello de Bóveda, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga.

2.- Personais físicas: Deberán estar empadroadas en Bóveda e presentar a documentación que para cada tipo de axudas se estableza nestas ordenanzas e nos acordos ou resolucións que se dicten ao, respecto polo Concello.

## **MODALIDADES E ACTIVIDADES OBXECTO DE SUBVENCIÓN**

### **Artigo 5.- Procedemento en réxime de concorrencia competitiva.-**

1.- O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. A estes efectos terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realizase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Neste suposto a proposta de concesión formularase ao órgano concedente por un órgano colexiado designado. A composición do órgano colexiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras.

2.- Con carácter previo ó outorgamento de subvencións, o órgano municipal competente deberá aprobar as bases reguladoras das distintas modalidades de subvencións que se pretendan outorgar, que deberán conter, como mínimo as sinaladas no artigo 17,3) da Lei 38/2003.

### **Artigo 6º.-Procedemento de concesión directa previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal**

1.- As subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral da corporación rexeranse polas bases de execución do presuposto e polo convenio a traveso do cal se canalizan, que deberá establecer as condicións e os compromisos específicos.

2.- O convenio deberá conter necesariamente:

a).- Definición concreta e expresa do obxecto do mesmo

b).- Compromiso das partes

c).- Documentación que deberá achegar o beneficiario, se é o caso.

d).- Crédito orzamentario ó que se imputa a subvención

e).- Gastos que se subvencionan e prazo en que debe realizarse

f).- Posibilidade ou non de subcontratación da actividade subvencionada

g).- Tanto por cento do orzamento do proxecto que deberá financia-lo beneficiario.

H).- Compatibilidade con outras subvencións

i).- Forma de xustificación, prazo de presentación da correspondente documentación e aspectos que deben incluírse na memoria avaliativa da subvención.

J).- Prazo de vixencia do convenio, posibilidade de prórroga, e condicións e requisitos para que ésta se produza.

3.- A inclusión na partida orzamentaria do presuposto da subvención nominativa non crea dereito ningún a favor do beneficiario en tanto non se adopte a resolución de concesión, nin xera expectativas de dereito en futuras anualidades

4.- Inclúense neste apartado as subvencións a outorgar a:

- Organizadores de festas que se celebren nas diferentes parroquias do Concello.

- As entidades ou asociacións deportivas, culturais xuvenís e educativas con sede no termo municipal de Bóveda ,

5.- En ningún caso, poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine na convocatoria.

### **Artigo 7º.-Procedemento de concesión directa e excepcional de subvencións-**

1.- Poderán concederse de forma directa aquelas subvencións que o seu outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguerán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

**Artigo 8º.-** Poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acredite razóns de intereses público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a convocatoria pública.

1.- Iniciación, O procedemento para a concesión das subvencións de xeito directo iniciárase sempre de oficio, mediante resolución aprobada polo órgano competente para a concesión da subvención ou subvencións.

2.- A resolución de inicio de procedemento de concesión directa de subvención, deberá;

- Motivar a concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional,  
- Créditos presupostarios ós que se imputa a subvención ou subvencións, contía máxima das subvencións que se poderán conceder,

- Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

- Requisitos que deben reunir os beneficiarios e xeito de acreditarlos

- Prazo de presentación de solicitudes e modelo da mesma.

- Criterios de concesión das subvencións

- Forma de xustificación, prazo de presentación da documentación xustificativa dos destino da subvención e aspectos que deberán incluírse na memoria avaliativa da subvención.

Informe de intervención sobre a existencia de crédito dispoñible.

**Artigo 9.- Documentación.-** A documentación que se no Rexistro Xeral do Concello. deberá acompañar é a seguinte:

- Solicitud, dirixida á Alcaldía, segundo modelo normalizado, asinada polo interesado, no caso de tratarse de persoa física, ou polo representante legal da asociación ou entidade e acompañada por fotocopia do DNI/NIF, da persoa ou entidade e, se é o caso documento acreditativo da representación quen posúe na entidade ou asociación solicitante.

Unha copia dos estatutos ou documentación acreditativa da personalidade xurídica da asociación ou entidade solicitante e, se é o caso, da existencia da comunidade de bens, agrupación de persoas físicas ou xurídicas ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo proxectos ou actividades que motiven a concesión da subvención.

Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente

No suposto de agrupacións sen personalidade xurídica, a solicitude de subvención, deberá ser asinada por tódolos membros da devandita agrupación acompañada de fotocopia do DNI de cada un dos membros, nomeando un representante que asumirá perante o Concello os deberes previstos nas presentes bases. Os membros da agrupación responderán solidariamente fronte ó concello das obrigas sinaladas nas presentes bases e na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións durante o tempo establecido nos seus artigos 39 e 65.

- Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condicións de beneficiario de subvencións do concello de Bóveda, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Declaración xurada do representante da entidade relativa á identidade dos membros do órgano directivo e número de socios

- Memoria detallada da actividade ou servizo para os que se solicita a subvención, especificando a súa denominación, data, lugar de realización, expresión da finalidade que se persegue, o número de persoas a quen se dirixe e os medios humanos e materiais que van a empregarse.

- Presuposto total e desglosado por partidas das actividades a realizar.

- Importe da subvención solicitada.

- Certificado dos datos bancarios da entidade solicitante.

- Importe das subvencións e axudas pedidas ou concedidas por outras entidades para o mesmo

fin.

- Declaración na que se acredite encontrarse ó corrente das súas obrigacións fiscais con este Concello.

- Certificados expedidos pola Facenda Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de encontrarse ao corrente das obrigas fiscais e de Seguridade Social.

**Artigo 10.- Criterios de valoración.-** Para a concesión das subvencións, e en orde a fixa-la contía das mesmas, valorarase a maior ou menor concorrencia na solicitude presentada, das seguintes condicións, segundo se trate de:

- A continuidade, estabilidade e solvencia da entidade solicitante no ámbito no que vaia desenvolver a actividade e programa proposto.

- A dificultade acreditada pola entidade solicitante para acudir a outros medios de financiación, así como os medios económicos con que conte a mesma, en relación co importe solicitado como subvención.

- A orixinalidade do programa ou actividade a desenvolver.

- O número estimado de persoas que poidan ser beneficiadas coa realización do programa ou actividade.

- A viabilidade técnica e económica do programa e das actividades proxectadas.

- Aqueles outros que polas peculiares características do acto ou programa que se trate, se aprecien polo órgano resolutorio.

Se as solicitudes non reuniesen os datos esixidos ou non viñeran acompañadas da documentación reseñada, requirírase ao interesado que no prazo de 10 días, contados a partir do seguinte á recepción da petición, enmende as deficiencias, advirtíndoo que, de non facelo así, desestimarase a súa solicitude de subvención por defectos de forma.

**Artigo 11.- Prazo de presentación de solicitudes.-** As solicitudes presentaranse no prazo sinalado na correspondente convocatoria, acompañados dos documentos e informacións esixidos nesta, agás estes obren en poder do Concello, facendo constar neste caso a data, dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderá ter transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ó que correspondan.

#### **Artigo 12.- Instrucción do Procedemento**

1.- As bases que regulen a convocatoria de subvencións, serán informadas pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, e aprobadas pola Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía.

2.- A dirección da instrucción do procedemento de concesión corresponderálle ó Delegado da Alcaldía que por razón da materia teña asignada a competencia.

3.- A Administración realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A Comisión de valoración, formada por un mínimo de tres concelleiros, procederá a avaliar as solicitudes e documentación obrante no expediente, formulando proposta motivada de resolución provisoria, que deberá notificarse ós interesados, concedendolles un prazo de dez días para presentar alegacións. Poderáse prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

#### **Artigo 13.- Resolución do Procedemento**

1.- Órgano competente.- Será competente para resolver as solicitudes de subvención a Xunta de Goberno

2.- Unha vez formulada a proposta definitiva de resolución, a Xunta de Goberno resolverá o procedemento

3.- A resolución motivárase de conformidade co disposto nesta Ordenanza e na convocatoria pola que se rexe, e deberán quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

4.- Faráse constar expresamente na resolución o solicitante ou solicitantes ós que se lle concede subvención así como, de selo caso, a desestimación do resto das solicitudes.

5.- O prazo máximo para resolver e notifica-la resolución do procedemento no poderá exceder

de seis meses, computándose a partir do día seguinte ó da publicación no B.O.P. da convocatoria, agás que nesta se pospoñan os seus efectos a unha data posterior..

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

6.- A resolución pon fin a vía administrativa.

#### **Artigo 14.- Obrigas do beneficiario.**

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

- Xustificar perante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo Concello así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- Comunicar ao órgano concedente a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

- Dispoñer dos libros contables, estados contables e rexistros específicos que sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o exercicio das facultades de comprobación e control.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- Adoptar as medidas de difusión do feito de que a actividade se encontra subvencionada polo Concello de Bóveda que se determinen na convocatoria.

- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos de mal uso.

- Aceptar a subvención; no caso de que isto non fose posible, deberá renunciará mesma, expresa e motivadamente, no prazo de quince días hábiles contados a partir da recepción da notificación de concesión de subvención. O mesmo prazo rexe para a aceptación expresa da subvención.

**Artigo 15.- Xustificación da subvención.-** Os beneficiarios das subvencións deberán presentar nas oficinas municipais correspondentes, nun prazo inferior aos 3 meses desde a finalización do programa ou actividade subvencionado e, en todo caso, antes do 15 de decembro do ano en curso, a seguinte documentación:

- Memoria explicativa das actividades realizadas, con indicación dos obxectivos alcanzados e a súa correspondente avaliación.

- Facturas orixinais e fotocopia compulsada das mesmas. A estes efectos as facturas deberán estar debidamente conformadas (datadas no exercicio económico para o que se concedeu a subvención, conter o número de identificación fiscal do perceptor, selos e súnturas dos subministradores). Non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos para os que se concedeu a subvención.

- Un exemplar do programa, cartel anunciador e fotografías ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade subvencionada, debendo constar en tales exemplares o patrocinio do Concello de Bóveda

- Fotocopias dos acordos de concesión de axudas económicas por outras institucións se non poideran aportarse no momento da solicitude da subvención perante esta Corporación.

- De non gastar total ou parcialmente a subvención concedida ou de non se destinar aos fins

previstos, deberá reintegrarse ás arcas municipais.

- Cando se realicen pagos a entidades que tenan que presentar declaración do IVE a xustificación deberá vir acompañada da correspondente factura ou duplicado da mesma.

- Declaración xurada expedida polo perceptor, de que foi cumprida a finalidade para a que se outorgou a subvención conforme ao proxecto presentado.

Admitirase, a maiores, calquera outra documentación que se poida pedir para a mellor xustificación do gasto, ou calquera outra da que se derive a realización da actividade (notas de prensa, ...).

**Artigo 16º. Réxime sancionador-** En todo o que respecta ao réxime sancionador estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### **DISPOSICIONS ADICIONAIS**

**Primeira.-** O órgano competente para o outorgamento da subvención realizará o oportuno seguimento das actividades subvencionadas, podendo solicitar en calquera momento, as explicacións ou documentación que considere oportunas.

**Segunda.-** Será competencia da Alcaldía a interpretación e resolución das dúbidas que da presente ordenanza poideran resultar.

**Terceira.-** No suposto de que a entidade beneficiaria se disolva con anterioridade á data na que teñen a obriga de presentar a pertinente xustificación aplicarase o disposto no artigo 19 da Lei 3/1988, de 12 de febreiro de asociacións.

**Cuarta.-** A concesión das subvencións a que se refire a presente ordenanza non implicará relación contractual ningunha de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro tipo entre o Concello e a persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

**Quinta.-** Quedan excluídas desta ordenanza as subvencións que poidera outorgar o Concello de Bóveda e tiveran o seu fundamento en convenios ou decisións específicas subscritas entre o Concello e outras Administracións Públicas ou Institucións de todo tipo.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

**Primeira.-** O presente Regulamento, na redacción definitiva que foi aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o vinteseite de xuño de 2005, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.

De conformidade co previsto no artigo 107.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra o acto de aprobación deste Regulamento só poderá interporse recurso contencioso-administrativo a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras da referida xurisdicción.